

**RESOLUCIÓN PROVISIONAL DE CONVOCATORIA DE ASIGNACIÓN DE USOS DAS  
 INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS PARA A ACTIVIDADE FÍSICA E DEPORTIVA DE  
 INICIATIVA PRIVADA CO PATROCINIO MUNICIPAL PARA A TEMPADA 2019-2020. RESOLUCIÓN  
 PROVISIONAL**

A Xunta de Goberno Local, en sesión Ordinaria celebrada o luns 15 de xullo de 2019 adoptou, entre outros, o seguinte acordo de aprobación de: FOD 4.- Convocatoria de asignación de usos das instalacións deportivas municipais para actividade física e deportiva de iniciativa privada co patrocinio municipal para a tempada 2019/2020.

Visto e lido o Informe de avaliación da convocatoria de reserva de uso de instalacións deportivas municipais da tempada 2019/2020 asinado por D. Francisco José Díaz del Valle, xefe do Servizo de Instalacións Deportivas do Concello de Carballo, propónse o seguinte acordo:

**RESOLVO:**

**Primeiro.-** Conceder provisionalmente o uso das instalacións deportivas municipais para a actividade física e deportiva de iniciativa privada co patrocinio municipal para a tempada 2019-2020, coa seguinte distribución:

- 1. PAVILLÓNS POLIDEPORTIVOS.** Período de concesión desde o 16/09/2019 ao 19/06/2020 (ambos inclusive), excepto no pavillón IES Monte Neme que rematará o 31/05/2020.

<b>COMPLEXO DEPORTIVO VILA DE NOIA</b>		
<b>1.A.</b>	<b>PAVILLÓN VILA DE NOIA</b>	
<b>DÍA</b>	<b>ENTIDADE</b>	<b>HORARIO</b>
<b>LUNS</b>	ATLETISMO CARBALLO	15:45 - 18:45
	ESCOLA BÁSKET XIRIA	19:15 - 20:45
	ESCOLAS BALONMÁN XIRIA	20:45 - 22:45
<b>MARTES</b>	AWEN	15:45 - 17:00
	ESCOLAS BALONMÁN XIRIA	17:00 - 22:45
<b>MÉRCORES</b>	AD UN PASO MÁIS	15:45 - 17:00
	C.B. ARTAI	17:00 - 19:30
	ESCOLA BÁSKET XIRIA	19:30 - 22:45
<b>XOVES</b>	AWEN	15:45 - 17:00
	ESCOLAS BALONMÁN XIRIA	17:00 - 22:45
<b>VENRES</b>	ESCOLAS BALONMÁN XIRIA	15:45 - 18:15
		19:30 - 20:45
		20:45 - 22:15 (cada 15 días)
	ESCOLA BÁSKET XIRIA	22:15 - 23:45 (cada 15 días)
		18:15 - 19:30
		20:45 - 22:15 (cada 15 días)
<b>SÁBADO</b>	Partidos de competición oficial	10:00 - 14:30 / 16:00 - 21:00
<b>DOMINGOS</b>	Partidos de competición oficial	10:00 - 14:30

<b>COMPLEXO DEPORTIVO CARBALLO CALERO</b>		
<b>1.B.</b>	<b>PAVILLÓN CARBALLO CALERO</b>	
<b>DÍA</b>	<b>ENTIDADE</b>	<b>HORARIO</b>
<b>LUNS</b>	ANPA A GRANXA	15:45 - 17:10
	ESCOLA LUBIÁNS	17:15 - 23:00
	ANPA A GRANXA	15:45 - 17:10

<b>MARTES</b>	ESCOLA LUBIÁNS	17:15 - 18:25
	AD XIRIA	18:35 - 21:20
	AGRUPACION DEPORTIVA CARBALLO	21:30 - 24:00
<b>MÉRCORES</b>	ANPA A GRANXA	15:45 - 17:10
	ESCOLA LUBIÁNS	17:15 - 23:00
<b>XOVES</b>	ANPA A GRANXA	15:45 - 17:10
	ESCOLA LUBIÁNS	17:15 - 18:25
	AD XIRIA	18:35 - 21:20
<b>VENRES</b>	AGRUPACION DEPORTIVA CARBALLO	21:30 - 24:00
	ESCOLA LUBIÁNS	15:45 - 21:40
<b>SÁBADO</b>	AD XIRIA	21:45 - 23:30
	Partidos de competición oficial	10:00 - 14:30 / 16:00 - 21:00
<b>DOMINGO</b>	Partidos de competición oficial	10:00 - 14:30

1.C.	PAVILLÓN CEIP FOGAR	
DÍA	ENTIDADE	HORARIO
<b>LUNS</b>	ESCOLAS BALONMÁN XIRIA	17:30 - 23:00
<b>MARTES</b>	ESCOLAS BALONMÁN XIRIA	17:30 - 20:30
<b>MÉRCORES</b>	ESCOLAS BALONMÁN XIRIA	17:30 - 23:00
<b>XOVES</b>	ESCOLAS BALONMÁN XIRIA	17:30 - 20:30
<b>VENRES</b>	ESCOLAS BALONMÁN XIRIA	16:30 - 23:00
<b>SÁBADO</b>	Partidos de competición oficial	10:00 - 14:30 / 16:00 - 21:00
<b>DOMINGO</b>	Partidos de competición oficial	10:00 - 14:30

1.D.	PAVILLÓN CEIP XESÚS SAN LUÍS ROMERO	
DÍA	ENTIDADE	HORARIO
<b>LUNS</b>	ESCOLA LUBIÁNS	17:00 - 20:30
	AWEN	20:30 - 21:30
<b>MARTES</b>	AD UN PASO MÁIS	16:30 - 18:00
<b>MÉRCORES</b>	ESCOLA LUBIÁNS	17:00 - 20:30
	AWEN	20:30 - 21:30
<b>XOVES</b>	AD UN PASO MÁIS	16:30 - 18:00
	ATLETISMO CARBALLO	18:00 - 21:00
<b>VENRES</b>	ESCOLA LUBIÁNS	17:00 - 20:00
<b>SÁBADO</b>	Partidos de competición oficial	10:00 - 14:30
1.E.	XIMNASIO CEIP XESÚS SAN LUÍS ROMERO	
DÍA	ENTIDADE	HORARIO
<b>LUNS</b>	UN PASO MÁIS	17:00 - 18:00
	CAPOEIRA BERGANTIÑOS	18:00 - 22:00
<b>MARTES</b>	JUDO CLUB BERGANTIÑOS	17:00 - 20:00
<b>MÉRCORES</b>	JUDO CLUB BERGANTIÑOS	17:00 - 20:00
	CAPOEIRA BERGANTIÑOS	20:30 - 22:00
<b>XOVES</b>	JUDO CLUB BERGANTIÑOS	17:00 - 20:00
<b>VENRES</b>	JUDO CLUB BERGANTIÑOS	17:00 - 20:00
<b>SÁBADO</b>	JUDO CLUB BERGANTIÑOS	10:00 - 13:00

1.G.	PAVILLÓN IES PARGA PONDAL	
DÍA	ENTIDADE	HORARIO
<b>LUNS</b>	ESCOLA BASKET XIRIA	17:30 - 21:00

<b>MARTES</b>	ESCOLA BASKET XIRIA	18:00 - 21:00
<b>MÉRCORES</b>	ESCOLA BASKET XIRIA	17:30 - 22:30
<b>XOVES</b>	ESCOLA BASKET XIRIA	18:00 - 21:00
<b>VENRES</b>	ESCOLA BASKET XIRIA	17:00 - 22:30
<b>SÁBADO</b>	Partidos de competición oficial	10:00 - 14:30 / 16:00 - 21:00
<b>DOMINGO</b>	Partidos de competición oficial	10:00 - 14:30

**2. CAMPOS DE FÚTBOL.** Período de concesión desde o 16/09/2019 ao 19/06/2020 (ambos inclusive).

2.A.	COMPLEXO DEPORTIVO AS EIROAS			
DÍA	ENTIDADE	HORARIO	CAMPO	TIPO
<b>LUNS</b>	BERGANTIÑOS FC	16:00 - 18:00	Principal	Campo 1 - Fútbol 7
		18:00 - 19:45	Principal	Campo 2 - Fútbol 7
		20:00 - 21:45	Principal	Campo 1-2 - Fútbol 11
		19:45 - 21:30	Anexo	Campo 1 - Fútbol 7
		19:45 - 21:30	Anexo	Campo 2 - Fútbol 7
	ESCOLAS DE FÚTBOL LUIS CALVO SANZ	18:00 - 19:30	Principal	Campo 1 - Fútbol 7
		18:00 - 19:30	Anexo	Campo 1 - Fútbol 7
		18:00 - 19:30	Anexo	Campo 2 - Fútbol 7
<b>MARTES</b>	BERGANTIÑOS FC	16:00 - 18:00	Principal	Campo 1 - Fútbol 7
		19:30 - 21:30	Principal	Campo 1 - Fútbol 7
		19:30 - 21:15	Principal	Campo 2 - Fútbol 7
		19:45 - 21:30	Anexo	Campo 1 - Fútbol 7
		19:45 - 21:30	Anexo	Campo 2 - Fútbol 7
	ESCOLAS DE FÚTBOL LUIS CALVO SANZ	18:00 - 19:30	Principal	Campo 1 - Fútbol 7
		18:00 - 19:30	Principal	Campo 2 - Fútbol 7
		18:00 - 19:30	Anexo	Campo 1 - Fútbol 7
<b>MÉRCORES</b>	BERGANTIÑOS FC	16:00 - 18:00	Principal	Campo 1 - Fútbol 7
		18:00 - 19:45	Principal	Campo 2 - Fútbol 7
		20:00 - 21:45	Principal	Campo 1-2 - Fútbol 11
		19:45 - 21:30	Anexo	Campo 1 - Fútbol 7
		19:45 - 21:30	Anexo	Campo 2 - Fútbol 7
	ESCOLAS DE FÚTBOL LUIS CALVO SANZ	18:00 - 19:30	Principal	Campo 1 - Fútbol 7
		18:00 - 19:30	Anexo	Campo 1 - Fútbol 7
		18:00 - 19:30	Anexo	Campo 2 - Fútbol 7
<b>XOVES</b>	BERGANTIÑOS FC	16:00 - 18:00	Principal	Campo 1 - Fútbol 7
		20:00 - 21:45	Principal	Campo 1-2 - Fútbol 11
		18:00 - 19:45	Anexo	Campo 1 - Fútbol 7
		18:00 - 19:45	Anexo	Campo 2 - Fútbol 7
		19:45 - 21:30	Anexo	Campo 1 - Fútbol 7
	ESCOLAS DE FÚTBOL LUIS CALVO SANZ	19:45 - 21:30	Anexo	Campo 2 - Fútbol 7
		18:00 - 19:30	Anexo	Campo 1 - Fútbol 7
		18:00 - 19:30	Anexo	Campo 1 - Fútbol 7
<b>VENRES</b>	BERGANTIÑOS FC	16:30 - 18:00	Principal	Campo 1 - Fútbol 7
		16:30 - 18:00	Principal	Campo 2 - Fútbol 7
		20:00 - 21:45	Principal	Campo 1-2 - Fútbol 11
		16:30 - 18:00	Anexo	Campo 1 - Fútbol 7
		16:30 - 18:00	Anexo	Campo 2 - Fútbol 7
		19:45 - 21:30	Anexo	Campo 1 - Fútbol 7
	SD SAN LORENZO	19:45 - 21:30	Anexo	Campo 2 - Fútbol 7
		21:30 - 22:45	Anexo	Campo 1-2 - Fútbol 11
ESCOLAS DE FÚTBOL LUIS	18:00 - 19:30	Principal	Campo 1 - Fútbol 7	

	CALVO SANZ	18:00 - 19:30	Principal	Campo 2 - Fútbol 7
		18:00 - 19:30	Anexo	Campo 1 - Fútbol 7
		18:00 - 19:30	Anexo	Campo 2 - Fútbol 7
<b>SÁBADO</b>	Partidos de competición oficial		10:00 - 14:30 / 16:00 - 21:00	
<b>DOMINGO</b>	Partidos de competición oficial		10:00 - 14:30 / 16:00 - 20:00	

<b>2.B. CAMPO DE FÚTBOL O CARRAL</b>				
DÍA	ENTIDADE	HORARIO	CAMPO	TIPO
<b>LUNS</b>	SD SOFÁN	18.00 - 21:00	Principal	Campo 1 - Fútbol 7
		18:00 - 21:00	Principal	Campo 2 - Fútbol 7
	SD SAN LORENZO	21:00 - 22:30	Anexo	Campo 1 - Fútbol 7
<b>MARTES</b>	SD SOFÁN	17:30 - 20:30	Principal	Campo 1 - Fútbol 7
		17:30 - 20:30	Principal	Campo 2 - Fútbol 7
		20:30 - 21:00	Principal	Campo 1-2 - Fútbol 11
<b>XOVES</b>	SD SOFÁN	17:30 - 20:30	Principal	Campo 1 - Fútbol 7
		17:30 - 20:30	Principal	Campo 2 - Fútbol 7
		20:30 - 21:00	Principal	Campo 1-2 - Fútbol 11
<b>VENRES</b>	SD SOFÁN	17:00 - 20:30	Principal	Campo 1 - Fútbol 7
		17:00 - 20:30	Principal	Campo 2 - Fútbol 7
		20:30 - 21:00	Principal	Campo 1-2 - Fútbol 11
<b>SÁBADO</b>	Partidos de competición oficial		10:00 - 14:30 / 16:00 - 21:00	
<b>DOMINGO</b>	Partidos de competición oficial		10:00 - 14:30 / 16:00 - 20:00	

<b>2.C. CAMPO DE FÚTBOL AS PEDREIRAS</b>				
DÍA	ENTIDADE	HORARIO	CAMPO	TIPO
<b>VENRES</b>	SD SAN LORENZO	20:00 - 22:30	Principal	Campo - Fútbol 11
<b>SÁBADO</b>	Partidos de competición oficial		10:00 - 14:30 / 16:00 - 21:00	
<b>DOMINGO</b>	Partidos de competición oficial		10:00 - 14:30 / 16:00 - 20:00	

**3.- PISCINAS.** Período de concesión desde o 16/09/2019 ao 19/06/2020 e do 1 ao 31 de xullo de 2020 (ambos inclusive).

<b>COMPLEXO DEPORTIVO CARBALLO CALERO</b>			
<b>3.A. PISCINA CARBALLO CALERO</b>			
DÍA	ENTIDADE	HORARIO	PISTA
<b>LUNS</b>	AD FOGAR DA XUVENTUDE	7:30 - 8:30	Pista 4 e 5
		15:30 - 17:30	Pista 4, 5 e 6
		17:30 - 18:15	Pista 5 e 6
		18:15 - 19:00	Pista 5 e 6
		19:00 - 20:30	Pista 4 e 5
	SALVAMENTO E SOCORRISMO CARBALLO	16:30 a 17:30	Pista 3
		17:30 - 19:00	Pista 3 e 4
		19:00 - 19:45	Pista 6
		19:45 - 20:30	Pista 6
		20:30 - 21:30	Pista 4
<b>MARTES</b>	AD FOGAR DA XUVENTUDE	21:30 - 22:30	Pista 3 e 4
		17:30 - 18:15	Pista 5 e 6
		18:15 - 19:30	Pista 4, 5 e 6
		19:30 - 20:30	Pista 4, 5 e 6

		20:30 - 21:30	Pista 4, 5 e 6		
		21:30 - 22:30	Pista 4		
	SALVAMENTO E SOCORRISMO CARBALLO	15:45 - 16:30	Pista 4, 5 e 6		
		16:30 - 17:30	Pista 4, 5 e 6		
		17:30 - 18:15	Pista 4, 5		
		18:15 - 19:30	Pista 1, 2 e 3		
		21:30 - 22:30	Pista 5 e 6		
AD MEDIA DUCIA	20:15 - 22:30	Pista 3			
<b>MÉRCORES</b>	AD FOGAR DA XUVENTUDE	7:30 - 8:30	Pista 4 e 5		
		15:30 - 17:30	Pista 4, 5 e 6		
		17:30 - 18:15	Pista 5 e 6		
		18:15 - 19:00	Pista 5 e 6		
		19:00 - 20:30	Pista 4 e 5		
	SALVAMENTO E SOCORRISMO CARBALLO	16:30 a 17:30	Pista 3		
		17:30 - 19:00	Pista 3 e 4		
		19:00 - 19:45	Pista 6		
		19:45 - 20:30	Pista 6		
		20:30 - 21:30	Pista 4		
		21:30 - 22:30	Pista 3 e 4		
		<b>XOVES</b>	AD FOGAR DA XUVENTUDE	17:30 - 18:15	Pista 5 e 6
				18:15 - 19:30	Pista 4, 5 e 6
19:30 - 20:30	Pista 4, 5 e 6				
20:30 - 21:30	Pista 4, 5 e 6				
SALVAMENTO E SOCORRISMO CARBALLO	21:30 - 22:30	Pista 4			
	15:45 - 16:30	Pista 4, 5 e 6			
	16:30 - 17:30	Pista 4, 5 e 6			
	17:30 - 18:15	Pista 4, 5			
	18:15 - 19:30	Pista 1, 2 e 3			
	21:30 - 22:30	Pista 5 e 6			
	AD MEDIA DUCIA	20:15 - 22:30	Pista 3		
<b>VENRES</b>	AD FOGAR DA XUVENTUDE	7:30 - 8:30	Pista 4 e 5		
		15:30 - 17:30	Pista 4, 5 e 6		
		17:30 - 18:15	Pista 5 e 6		
		18:15 - 19:00	½ Pista 6		
		19:00 - 20:30	Pista 4 e 5		
	SALVAMENTO E SOCORRISMO CARBALLO	17:00 - 17:30	Pista 3		
		17:30 - 18:15	Pista 3 e 4		
		18:15 - 19:00	Pista 4 e 5		
		19:00 - 19:45	Pista 6		
		19:45 - 20:30	Pista 6		
		20:30 - 22:30	Pista 4, 5 e 6		
<b>SÁBADO</b>	AD FOGAR DA XUVENTUDE	9:00 - 11:15	Pista 4, 5 e 6		
	SALVAMENTO E SOCORRISMO CARBALLO	11:15 - 13:15	Pista 4, 5 e 6		
	Competicións	15:30 - 21:30	Pista 1 a 6		
<b>DOMINGO</b>	Competicións	9:00 - 14:00	Pista 1 a 6		

<b>COMPLEXO DEPORTIVO VILA DE NOIA</b>			
<b>PISCINA VILA DE NOIA</b>			
<b>3.B.</b>			
<b>DÍA</b>	<b>ENTIDADE</b>	<b>HORARIO</b>	<b>PISTA</b>
<b>SÁBADO</b>	SALVAMENTO E SOCORRISMO CARBALLO	12:45 - 13:45	Pista 1 e 2

B.- Conceder a reserva de uso das instalacións deportivas municipais durante o período adicional do 1 ao 31 de xullo de 2020, ás seguintes entidades nos horarios e instalacións que se citan no seguinte cadro:

COMPLEXO DEPORTIVO CARBALLO CALERO			
3.A.	PISCINA CARBALLO CALERO		
DÍA	ENTIDADE	HORARIO	PISTA
LUNS	AGRUPACIÓN DEPORTIVA FOGAR DA XUVENTUDE	7:30 - 8:30	Pista 4 e 5
		11:00 - 13:30	Pista 4, 5 e 6
	SALVAMENTO E SOCORRISMO CARBALLO	12:45 - 13:45	Pista 1 e 2
MARTES	AGRUPACIÓN DEPORTIVA FOGAR DA XUVENTUDE	7:30 - 8:30	Pista 4 e 5
		11:00 - 13:30	Pista 4, 5 e 6
		21:30 - 22:30	Pista 5 e 6
	SALVAMENTO E SOCORRISMO CARBALLO	9:00 - 11:00	Pista 4, 5 e 6
MÉRCORES	AGRUPACIÓN DEPORTIVA FOGAR DA XUVENTUDE	7:30 - 8:30	Pista 4 e 5
		11:00 - 11:45	Pista 4, 5 e 6
		11:45 - 13:30	Pista 4, 5 e 6
	SALVAMENTO E SOCORRISMO CARBALLO	9:00 - 11:00	Pista 4, 5 e 6
XOVES	AGRUPACIÓN DEPORTIVA FOGAR DA XUVENTUDE	7:30 - 8:30	Pista 4 e 5
		11:00 - 13:30	Pista 4, 5 e 6
		21:30 - 22:30	Pista 5 e 6
	SALVAMENTO E SOCORRISMO CARBALLO	9:00 - 11:00	Pista 4, 5 e 6
VENRES	AGRUPACIÓN DEPORTIVA FOGAR DA XUVENTUDE	7:30 - 8:30	Pista 4 e 5
		11:00 - 13:30	Pista 4, 5 e 6
	SALVAMENTO E SOCORRISMO CARBALLO	9:00 - 11:00	Pista 4, 5 e 6

**Segundo.- Denegar** a solicitude realizada polas seguintes entidades por non cumprir cos requisitos mínimos establecidos nos criterios de concesión de uso de instalación:

1.- **VIRGENTIS SALVAMENTO BERGANTIÑOS**. Solicitude con rexistro nº 20190000006371 o 02/08/2019.

**Terceiro.-** Na asignación de horarios para competición federada ou amigable durante a tempada terase en conta o recollido no punto 5.9 das *Bases da convocatoria de asignación de usos das instalacións deportivas municipais para actividade física e deportiva de iniciativa privada co patrocinio municipal para a tempada 2019/2020*.

**Cuarto.-** Aprobar, de acordo co artigo 4 do Regulamento de réxime xurídico, xestión, uso e utilización das instalacións deportivas de titularidade do Concello de Carballo (BOP 123 de 01/07/2014), as seguintes condicións de uso do ben municipal para as entidades deportivas beneficiarias na presente convocatoria:

I. Todas as entidades deportivas beneficiarias desta convocatoria están obrigadas ao cumprimento do **Regulamento de réxime xurídico, xestión, uso e utilización das instalacións deportivas de titularidade do Concello de Carballo** (BOP 123 de 01/07/2014).

II. Con carácter xeral, deberá prestarse especial atención ao seguinte:

1. As actividades do solicitante no inmovible municipal serán exercidas libremente pola entidade deportiva; non obstante, o Concello de Carballo poderá realizar inspeccións para comprobar o cumprimento da finalidade.
2. A entidade deportiva queda obrigada a conservar as instalacións obxecto de autorización en bo estado.
3. A entidade deberá dispor dun seguro de responsabilidade civil e dun seguro de accidentes incluída a asistencia sanitaria, ou a licenza federativa de cada un/unha dos/as participantes. O club ou entidade usuaria farase responsable dos posibles deterioros da instalación que poidan producirse polos seus deportistas, adestradores/as, persoal auxiliar e asociados/as, así como dos accidentes deportivos (art. 23.11 do Regulamento do réxime xurídico, xestión, uso e utilización das instalacións deportivas de titularidade do Concello de Carballo). A entidade, como organizadora do evento, farase responsable tamén dos deterioros que puidese ocasionar calquera deportista que acuda á competición.

## CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C  
Praza do Concello S/N  
Teléfono 981 70 41 00  
www.carballo.gal  
infocarballo@carballo.gal  
15100 CARBALLO - A Coruña



2019/X999/001064  
Exp. 2019/G003/002768

4. O Concello de Carballo non será responsable ante a persoa ou entidade usuaria en caso de accidente ou deterioro derivados do incumprimento por parte desta das presentes normas, dun comportamento negligente doutro/a usuario/a ou dun mal uso das instalacións, equipamentos ou servizos (art. 17.2 do Regulamento do réxime xurídico, xestión, uso e utilización das instalacións deportivas de titularidade do Concello de Carballo).
5. Despois da publicación da resolución provisional, a entidade beneficiaria entregará a seguinte documentación por rexistro de entrada, comunicando calquera modificación posterior ao Servizo Municipal de Instalacións Deportivas:
  - a) Horarios de uso da instalación asignados a cada grupo detallando o nome do equipo e a súa categoría.
  - b) Relación detallada (nome, apelidos, data de nacemento, horario de adestramento, instalación e categoría) de deportistas, persoal técnico e auxiliar de cada grupo.
  - c) Indicar nome, apelidos e teléfono de contacto da persoa responsable de cada un dos grupos.
  - d) Declaración responsable onde se faga constar que o persoal que imparte as actividades está en posesión de titulacións e outra documentación necesaria que o habilita para exercer as súas funcións. Esta documentación poderá ser requirida polo Concello de Carballo se o considera oportuno.
6. Para o acceso á actividade deportiva realizada de maneira regular durante a tempada (escolas deportivas, adestramentos, competicións, etc.) terase en conta o seguinte:
  - a) O acceso aos vestiarios farase sempre coa presenza da persoa responsable do grupo, que permanecerá na instalación sendo o responsable do grupo ata que o último deportista abandone o vestiario (art. 36.d do Regulamento do réxime xurídico, xestión, uso e utilización das instalacións deportivas de titularidade do Concello de Carballo).
  - b) O acceso aos vestiarios para equipos de categorías sénior ou máster poderá facerse sen a presenza da persoa responsable (art. 36.c do Regulamento do réxime xurídico, xestión, uso e utilización das instalacións deportivas de titularidade do Concello de Carballo), debendo comunicar que grupos realizarán o acceso deste xeito.
  - c) Nos adestramentos, poderá accederse aos vestiarios a partir dos quince minutos previos á hora de comezo reservada, debendo abandonalos durante os trinta minutos posteriores ao remate do adestramento.
  - d) Nas competicións oficiais poderá accederse aos vestiarios a partir dos sesenta minutos previos á hora de comezo reservada, debendo abandonalos durante os trinta minutos posteriores ao remate da competición.
  - e) Nas instalacións onde exista control de acceso automatizado deberán utilizar a súa tarxeta de acceso (art. 23.14 do Regulamento do réxime xurídico, xestión, uso e utilización das instalacións deportivas de titularidade do Concello de Carballo).
  - f) Os horarios de acceso e desocupación da instalación deportiva serán os concedidas nesta resolución, non podendo ser ocupada fóra dos mesmos nin sequera para quecementos ou estiramientos.
  - g) Non se poderá acceder ao espazo deportivo ata que o persoal do Servizo Municipal de Instalacións Deportivas autorice a facelo. Será obrigación da persoa responsable da entidade velar para que as persoas integrantes do seu grupo se atopen fóra do espazo deportivo e dos lugares habilitados para o material mentres non rematen as labores de cambio de equipamento para desenvolver as diferentes actividades (colocación de porterías, postes, canastras, cortinas, etc.).
  - h) Os/as acompañantes non poderán acceder ou permanecer nas gradas nin no espazo deportivo da instalación durante os adestramentos a excepción de días puntuais que solicite a entidade e previa autorización por parte do Servizo Municipal de Instalacións Deportivas.
7. Para a disputa de competicións oficiais, as entidades beneficiarias deberán comunicar os seus calendarios de competición con polo menos vinte (20) días de antelación. Deste xeito, o Servizo Municipal de Instalacións Deportivas poderá asignar datas, horarios e instalacións para as mesmas quince (15) días antes da súa celebración (art. 23.15 do Regulamento do réxime xurídico, xestión, uso e utilización das instalacións deportivas de titularidade do Concello de Carballo).
8. As entidades organizadoras comprometeranse a colaborar co Concello de Carballo co fin de non superar o aforo establecido da instalación (art. 25 do Regulamento do réxime xurídico, xestión, uso e utilización das instalacións deportivas de titularidade do Concello de Carballo).
9. O material que cada entidade garde naquelas dependencias que o Concello de Carballo habilite na instalación, deberá ser recollido en cestas, redes ou bolsas propiedade do club, e o Concello de Carballo non será responsable do mesmo
10. Segundo se establece na Lei 3/2012 do deporte de Galicia, no seu artigo 116, apartados b) e c), como infracción moi grave, non se permite a introdución nas instalacións nas que se realicen competicións ou actividades deportivas de, entre outras substancias, bebidas alcohólicas así como a venda de alcohol e tabaco nas instalacións deportivas. Será a entidade organizadora a responsable de que se faga cumprir.
11. Non se poderá cambiar o destino das instalacións, nin utilízalas para usos distintos dos expresados. Non se poderá arrendar, traspasar, nin ceder a terceiros, nin sequera temporalmente todo ou parte do inmovible obxecto de cesión (art. 21.3 do Regulamento do réxime xurídico, xestión, uso e utilización das instalacións deportivas de titularidade do Concello de Carballo).
12. O Concello de Carballo resérvase o dereito de deixar sen efecto algunha das autorizacións de utilización das instalacións deportivas por algúns dos seguintes motivos (art. 23.6 do Regulamento do réxime xurídico, xestión, uso e utilización das instalacións deportivas de titularidade do Concello de Carballo):

## CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C  
Praza do Concello S/N  
Teléfono 981 70 41 00  
www.carballo.gal  
infocarballo@carballo.gal  
15100 CARBALLO - A Coruña



2019/X999/001064  
Exp. 2019/G003/002768

- a) Por necesidades de programación municipal ou de actividades do Concello de Carballo.
- b) Por incumprimento das obrigas establecidas na presente normativa e nos requisitos de solicitude.
- c) Por causa de comportamento pouco cívico ou antideportivo, por parte dalgún/ha membro da entidade autorizada, se é este comportamento reiterado e evidente, a xuízo dos/as responsables da Área de Deportes do Concello de Carballo.
- d) Por baixa asistencia dos/as membros da entidade, de xeito que reiteradamente non cumpran cos mínimos de asistencia obrigatoria na autorización de uso.

III. Debido á especificidade de cada unha das actividades a desenvolver en cada unha das diferentes instalacións, considérase a necesidade de establecer unhas condicións de uso diferenciadas segundo o tipo de instalación e actividade:

### A) PAVILLÓNS POLIDEPORTIVOS

Para a utilización dos pavillóns polideportivos, as entidades terán en conta, ademais das condicións xerais recollidas nos apartados I e II, o seguinte:

1. As porterías, canastras, postes e outros elementos móbiles necesarios para a práctica deportiva poderán ser colocados pola entidade que fai o uso baixo a supervisión do persoal responsable da instalación, volvendo a colocalas no espazo habilitado ao final do adestramento ou competición.
2. Accederase á pista de xogo unicamente con roupa e calzado deportivo axeitado (art. 36.a do Regulamento do réxime xurídico, xestión, uso e utilización das instalacións deportivas de titularidade do Concello de Carballo).
3. Nas instalacións deportivas situadas nos centros educativos, as entidades que utilicen os vestiarios deberán deixalos nas mesmas condicións que os atoparon ao comezo. Ademais deberán cubrir o libro de ocupación das instalacións deportivas para cada unha das sesións realizadas, comunicando os resultados ao Servizo Municipal de Instalacións Deportivas.

### B) CAMPOS DE FÚTBOL

Para a utilización dos campos de fútbol, as entidades terán en conta, ademais das condicións xerais recollidas nos apartados I e II, o seguinte:

1. As porterías móbiles de fútbol-7 e fútbol-11 serán colocados pola entidade segundo as instrucións do fabricante, volvendo a colocalas no espazo habilitado ao final do adestramento ou competición. As porterías móbiles contan cunhas rodas para o seu traslado, que por cuestión de seguridade deberán retirarse obrigatoriamente durante a actividade. Se durante a actividade as rodas están postas o Concello non se fai responsable de calquera incidente que poida ocorrer.
2. Accederase ao campo de fútbol unicamente con roupa e calzado deportivo axeitado (art. 38.a do Regulamento do réxime xurídico, xestión, uso e utilización das instalacións deportivas de titularidade do Concello de Carballo).

### C) PISCINAS

Para a utilización das piscinas, as entidades terán en conta, ademais das condicións xerais recollidas nos apartados I e II, o seguinte:

1. Como norma xeral, non se poderá acceder á instalación se o/a socorrista non se atopa na mesma.
2. Os horarios de concesión de uso toman como referencia os do vaso da piscina, e deberán respectarse tanto na entrada como na saída. Nos horarios que coinciden co peche de instalación, o/a socorrista da piscina comunicará ás persoas usuarias o remate da actividade, e estas deberán abandonar o vaso e a praia. A partir dese momento, ningunha persoa usuaria poderá permanecer na praia ou no vaso da piscina.
3. A ratio de cada un dos grupos de nenos/as variará en función da idade. Para a tempada 2019/2020 será a seguinte:
  - a) GRUPO 1.- Nados/as nos anos 2016, 2015 ou 2014: un máximo de 10 nenos/as por monitor/a.
  - b) GRUPO 2.- Nados/as nos anos 2013, 2012 ou 2011: un máximo de 12 nenos/as por monitor/a.
  - c) GRUPO 3.- Nados/as en 2010 e anos anteriores: un máximo de 15 nenos/as por pista
  - d) Cando exista algún grupo que teña un/ha neno/a dun grupo de inferior idade, tomarase como referencia os criterios do grupo do/a neno/a da idade máis baixa.
  - e) Non poderán acceder ás actividades dos cursos ou escolas de natación aqueles/as nenos/as nados/as nos anos 2017 e posteriores.
4. Durante a estancia dos/as nenos/as no vaso da piscina para o desenvolvemento da actividade, terá que haber unha persoa de apoio a maiores dos responsables de cada grupo, que controle e vixíe todos os grupos da súa entidade que se atopan no vaso da piscina e, en caso de que algún/ha neno/a necesite ausentarse da piscina, sexa esa persoa de apoio quen o/a acompañe; desta maneira o/a monitor/a nunca deixarán o seu grupo. Recoméndase que esta persoa posúa o título de Socorrista Acuático Deportivo.
5. Para os equipos de adestramento que teñan concedida máis dunha pista, estas deberán ter un mínimo de ocupación para poder ser utilizadas. En caso contrario, e en función da ocupación do vaso, o socorrista informará á persoa responsable do grupo que unha das pistas se destinará neste horario ao público xeral. Terá que haber un mínimo de sete deportistas por pista, no caso de ser menor o número a entidade ocupará unha pista menos.
6. Para os equipos de adestramento que teñan concedido o uso da instalación para a categoría máster ou sénior, deberán de acreditar que os/as deportistas teñen licenza deportiva e participan nalgunha competición ao longo do ano. No caso de que o grupo ou deportistas do mesmo non participen en ningunha competición, poderá revocarse o uso concedido a todo o grupo.
7. Para a organización de as competicións oficiais federadas ou eventos deportivos singulares a entidade organizadora da proba entregará unha declaración responsable 15 días antes da celebración de cada competición. Na mesma deberá acreditar que contarán para a competición cun/ha socorrista titulado/a inscrito/a no Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia, segundo o Decreto 104/2012, do 16 de marzo (art. 24.3.a) do Regulamento do réxime xurídico,



**CONCELLO DE CARBALLO**

C.I.F.: P1501900C  
Praza do Concello S/N  
Teléfono 981 70 41 00  
www.carballo.gal  
infocarballo@carballo.gal  
15100 CARBALLO - A Coruña



2019/X999/001064  
Exp. 2019/G003/002768

xestión, uso e utilización das instalacións deportivas de titularidade do Concello de Carballo, cumprindo ademais o seguinte:

- a) O/a socorrista deberá estar presente na instalación desde a apertura das portas e a entrada aos vestiarios dos/as deportistas, ata o peche da instalación.
- b) O/a socorrista deberá levar na parte dianteira da camiseta o carné do rexistro profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia. Ademais deberá de contar cunha camiseta que o/a identifique e que poña no reverso "socorrista".
- c) Sen a presenza na instalación do/a socorrista titulado/a o persoal de recepción non autorizará o acceso á instalación de ningunha persoa para a competición.

**Quinto.-** Ordenar a publicación desta resolución no taboleiro de anuncios do concello de Carballo e no apartado de deportes da web municipal (<http://carballo.gal/deporte/portada>) e abrir un prazo de cinco (5) días hábiles para que as entidades beneficiarias comuniquen a aceptación da concesión da forma recollida no apartado II.5 das condicións de uso do ben municipal contidas no punto cuarto do presente acordo. A resolución provisional será efectiva a partir do día seguinte á súa publicación e non creará dereito ningún a favor da entidade beneficiaria da proposta fronte ao Concello de Carballo mentres non se lle notifique a resolución definitiva. Resoltas as comunicacións realizadas polas entidades aprobarase con carácter definitivo a asignación de usos das instalacións deportivas municipais para actividade física e deportiva de iniciativa privada co patrocinio municipal para a tempada 2019/2020.

Asinado dixitalmente na data que figura na marxe.

Asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.

Alcalde

Evencio Ferrero Rodríguez

Secretario

José Villán Fuertes